

ANUNCIO

Con data 15 de novembro de 2023 a concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réximen Interior, dicta resolución núm.1847/2023 na que establece:

“Primeiro.- Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal do alumnado-traballador e dun/dunha director/a, tres docentes, un/aunha auxiliar administrativo, subvencionados por resolución de 05/10/2023 do xefe territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ditas contratacións formalizaranse para o desenvolvemento do proxecto aprobado denominado obradoiro de emprego “PROXEDIS SOCIO sanitario-Educativo” 2023/2024.

Posto	Nº Prazas	Xornada	Duración
Director/a	1	100%	12 meses
Docente Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (Rama sanitaria)	1	100%	12 meses
Docente Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade	1	100%	12 meses
Docente apoio das dúas especialidades (Rama Psicosocial)	1	50%	12 meses
Auxiliar Administrativo	1	50%	12 meses
Alumnos/as traballadores/as “Atención Sociosanitaria persoas dependentes en institucións sociais	12	100%	12 meses
Alumnos/as traballadores/as “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”	8	100%	12 meses

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria que a continuación se expoñen:

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E DO PERSOAL TÉCNICO E DOCENTE DO OBRADOIRO DE EMPREGO “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo” AO ABEIRO DA ORDE DO 21/04/2023 DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023.

As presentes bases rexerán o procedemento de selección do persoal de dirección, docente e de apoio e do alumnado traballador do proxecto “PROXEDIS SOCIO Sanitario- Educativo” 2023-2024, segundo o establecido nos artigos 10, 11, 12 e 13 CAPÍTULO III da Orde do 21 de abril de 2023 da consellería de Pormoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm.85 de 04/05/2023) e as instrucións de data 14 de xuño de 2023 da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O procedemento de selección irá precedido da tramitación de oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o establecido na antedita orde e instrucións.

O obradoiro de emprego “**PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo**” 2023-2024 é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cofinanciado polo Servizo Público de Emprego Estatal e promovido polo Concello de Cambre.

As especialidades formativas a impartir son: “**Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**” (SSCS0208) e “**Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade**” (SSCE0111) para formar a 20 alumnos-traballadores, 12 na primeira especialidade e 8 na segunda, que rotarán polos centros que lles sexan asignados no ámbito da terceira idade e da discapacidade establecidos no proxecto aprobado por Resolución da xefatura territorial da Coruña da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 5 de outubro de 2023.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- o Atención a persoas dependentes na Residencia Padre Rubinos na Coruña.
- o Atención a persoas dependentes en ASPACE, Sada.
- o Atención a persoas dependentes na Residencia García Hermanos (Hermanitas de os ancianos desamparados de Betanzos).
- o Atención a persoas dependentes en Asociación de familiares alzheimer Coruña AFACO.
- o Atención a persoas dependentes e atención socioeducativa en ASPRONAGA, Oleiros.
- o Atención a persoas dependentes e atención socioeducativa en Pai Menni, Betanzos.
- o Atención a persoas dependentes e atención socioeducativa en ASPANAES Coruña

PRIMEIRA. – Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria regular as bases do procedemento para a selección e contratación laboral temporal cunha duración de **12 meses** do persoal técnico e docente e do alumnado traballador do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo” ao abeiro da orde do 21/04/2023 DOG núm.85 de data 04/05/2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. O alumnado traballador será contratado, segundo o establecido no artigo 13 da antedita orde, baixo a modalidade de contrato de traballo para a formación en alternancia de acordo co disposto no punto 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a estes contratos non lles será de aplicación o límite de idade, nin o límite de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b). Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato. Os contratos de traballo do alumnado formalizaranse por escrito no modelo oficial correspondente, código 421-Formación. O persoal técnico será contratado a través de contratos vencellados a programas de activación para o emprego, contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral modelo 405 e 505 [ET/CO/TE/FD – persoal].

a).- Contratarase o seguinte persoal de dirección, docente e de apoio para o desenvolvemento do obradoiro de emprego, na modalidade de contratación laboral temporal vencellados a programas de activación para o emprego: (duración 12 meses)

Postos de persoal directivo, docente e persoal de apoio	Nº Prazas	Xornada	Duración
---	-----------	---------	----------

		(%)	(meses)
Director/a Obradoiro de Emprego	1	100 %	12 meses
Mestre/a da especialidade Promoción e Intervención socioeducativa con persoas con discapacidade	1	100 %	12 meses
Mestre/a da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais (Rama sanitaria)	1	100%	12 meses
Mestre / a da especialidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (Rama psicossocial)	1	50%	12 meses
Auxiliar adminsitrativo	1	50%	12 meses

b)- Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego, na modalidade de contratación de formación e aprendizaxe:

Alumnado traballador por especialidades	Nº Prazas	Xornada (%)	Duración (meses)
Alumnado traballador "Atención sociosanitaria persoas dependentes en institucións sociais"	12	100 %	12 meses
Alumnado traballador "Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade"	8	100%	12 meses

Para proceder á contratación do persoal técnico e do alumnado/traballador do proxecto seguirase o establecido nos artigos do 10 ao 13 da devandita orde da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e as instrucións de data 14/06/2023 da dirección Xeral de Formación e Colocación da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego.

SEGUNDA. – Tribunal de selección.

O Tribunal nomeado para a selección do persoal e do alumnado traballador do Obradoiro de Emprego terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes previamente remitidos pola Oficina de Emprego asignada ao efecto así como a valoración das entrevistas.

O tribunal estará constituído por tres (3) membros; un presidente/a, un secretario/a, e un vogal, funcionarios de carreira do Concello de Cambre:

Presidenta: Dona Ana M^a Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local.

Presidente suplente: José Luis Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e educativas.

Secretaria: Sonia Machín Herranz, axente de Desenvolvemento Local.

Secretario suplente: Fernando Manuel Garrido Negreira, Técnico de Administración Xeral.

Vogal: Dona Ana María Monje Barcia, coordinadora de Servizos Sociais.

Vogal suplente: Don Oscar Souto Muíño, xefe da Sección Servizos.

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da presidenta e da secretaria ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concurran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 de Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde de proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRA. – Preselección de aspirantes.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 11 e 12 da Orde de 21/04/2023 da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, e nas instrucións de data 14/06/2023 da dirección xeral de Formación para o Emprego e Orientación da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego para a selección das persoas candidatas o Concello de Cambre contactará coa oficina de emprego asignada e presentará as correspondentes ofertas de emprego, solicitando unha relación de persoas candidatas segundo os requisitos establecidos para cada posto de traballo. As ofertas de emprego do persoal directivo, docente e de apoio serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia para que as persoas interesadas presenten as candidaturas na oficina de emprego.

A selección definitiva das persoas traballadoras realizarase de entre as persoas candidatas que sexan remitidas por dito organismo, non sendo admitida ningunha persoa candidata que non sexa preseleccionada e convocada polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Unha vez recibida a relación de persoas candidatas, o Concello de Cambre contactará aos efectos de verificar o seu interese en participar no proxecto “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo”, e facilitaralles a documentación para participar no proceso de selección (bases da convocatoria, solicitude e documentación necesaria para participar no proceso selectivo).

CUARTA. – Sistema de selección do alumnado traballador e do persoal técnico.

4.1) Alumnado traballador: Tramitación de oferta tipo T na Oficina de Emprego segundo se contempla nos artigos 10 ao 14 da orde de 21 de abril de 2023 e no punto 4 e 5 das instrucións para o procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego de data 14/06/2023 da dirección deral de Formación para o Emprego e Orientación.

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar será determinado polo tribunal de selección, e o mínimo será, se é posible, de 60 candidatos/as (3 por praza), segundo o establecido no artigo 11.3 da Orde antedita e o punto 4 das instrucións establecidas pola dirección xeral de Formación para o Emprego e Orientación. A oficina de emprego realizará a sondaxe da seguinte maneira:

- o Alomenos 60 candidatos/as, 3 por cada posto ofertado nos códigos e 320 , 330, 340, ou 370 (punto 4 das instrucións) e nos códigos de demandas de emprego relacionados coa especialidades do proxecto.
- o Ámbito territorial no que se desenvolva o obradoiro. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes.
- o Quedarán excluídas para a praza de as persoas desempregadas que non reúnan os requisitos esixibles para poder asinar un contrato para a formación en alternancia.

POSTOS	Nº PRAZAS
Alumnado traballador: "Atención sociosanitaria persoas dependentes institucións sociais"	12
Alumnado traballador: "Promoción e intervención socioeducativa persoas con discapacidade"	8

4.2) Persoal directivo, docente e de apoio: Tramitación de oferta (oferta tipo A) na Oficina de emprego do SPEG. **As ofertas de emprego serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia**, segundo o establecido no punto 8 das instrucións da Dirección Xeral de Emprego e Formación da consellería de Emprego e Igualdade.

O Concello de Cambre tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego. Unha vez recibidos as persoas candidatas preseleccionadas pola oficina de emprego procederáse a realizar a selección definitiva. As ofertas de emprego adecuaranse ás necesidades e requisitos de cada posto de traballo segundo os baremos establecidos nas presentes bases e seguirase o establecido no punto 8 das instrucións da dirección xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Cambre ampliándose, no caso de non se obter o número suficiente, aos outros concellos do ámbito da oficina de emprego asignada, e de ser necesario, a toda a provincia. **Así mesmo, as ofertas de emprego serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia para que as persoas que así o estimen se postulen para ser sondeadas pola oficina de emprego tramitadora da oferta.**

O Concello de Cambre ou a oficina de emprego comunicarán aos/ás candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos:

Postos de persoal directivo, docente e persoal de apoio	Nº Prazas
Director/a Obradoiro de Emprego	1
Mestre/a Promoc e Interv socioeducativa con persoas con discapacidade	1
Mestre/a Atención sociosanitaria persoas dep. en Instit. sociais (Rama sanitaria)	1
Mestre/a Atención sociosanitaria persoas dep. en inst. sociais (Rama psicosocial)	1
Auxiliar adminsitrativo	1

QUINTA. – Requisitos de selección do alumnado traballador

Requisitos das persoas candidatas: Os requisitos mínimos que deben cumprir as persoas preseleccionadas segundo o establecido nos artigos, 2 e 11.1 da Orde do 21 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm.85, do 4 de maio de 2023) son os seguintes:

- Deberán ter 18 ou máis anos.
- Estar en situación de desemprego, entendéndose nesa situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir cos requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características no obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da antedita orde.
- Posuír a formación mínima esixida para acceder á formación dos certificados de profesionalidade previstos neste obradoiro:
 - o “Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” segundo o establecido no seu RD 1379/2008 modificado polo RD 721/2011 e polo RD 625/2013 (nivel cualificación 2).
 - o “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade” segundo o establecido no Real decreto 625/2013 (nivel cualificación 3)
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas, e especificando tales adaptacións.
- Non ter delitos de natureza sexual.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

O tribunal **excluirá** do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nun obradoiro de emprego, escola obradoiro ou noutro proxecto formativo da mesma especialidade formativa, (no caso do OE con independencia de que rematasen con resultado apto ou non), así como aquelas persoas que non reúnan os requisitos esixibles para asinar un contrato para a formación, segundo o establecido na orde de 21 de abril de 2023, ou quen estivera incurso nun proceso de obtención do certificado de profesionalidade ou tiña obtido a titulación do certificado de profesionalidade da mesma especialidade ou equivalente que lle cualifique para o desempeño do posto.

SEXTA. – Requisitos mínimos de selección do personal técnico, docente e de apoio

6.1.- PRAZA DIRECTOR/A

- Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa

de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.

- Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan: Licenciatura ou grao nalgunha das seguintes titulacións: Psicoloxía, Pedagogía, Terapia ocupacional, Medicina, Enfermería, Traballo Social, Económicas, Empresariais, Administración e Dirección de Empresas, Relacións Laborais, Socioloxía, Dereito.
- Experiencia profesional relacionada coa ocupación mínima dun ano.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

6.2.- PRAZA DOCENTES

6.2.1.- Docente de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais SSCS0208 (rama sanitaria).

- Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións; licenciatura en Medicina, diplomatura en Enfermería, Terapeuta Ocupacional ou graos equivalentes.
- Experiencia profesional: mínima dun ano en postos relacionados coa atención física a persoas dependentes en centros sanitarios, residencias, centros de día, institucións sociais ou similares de persoas dependentes
- Acreditar a competencia docente establecida nas bases de convocatoria
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

6.2.2.- Docente da especialidade “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade” SSCE0111.

- Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Estar en posesión dalgunha titulación universitaria (licenciaturas, graos, enxenerías, Arquitectura, diplomaturas ou titulacións equivalentes).
- Experiencia profesional: mínima dun ano en postos relacionados coa intervención socioeducativa de persoas con discapacidade.
- Acreditar a competencia docente establecida nas bases de convocatoria.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

6.2.3.- Docente de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais SSCS0208 (rama psicosocial).

- Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións; licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía, diplomatura en Traballo Social, Educación Social, Terapeuta ocupacional ou graos equivalentes.
- Experiencia profesional: mínima dun ano en postos relacionados coa atención psicosocial a persoas dependentes en institucións sociais, residencias, centros de día ou similar.
- Acreditar a competencia docente establecida nas bases de convocatoria.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente

É imprescindible para todo o persoal docente acreditar a competencia docente así como cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 189/2013, de 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación (RD 1379/2008, de 1 de agosto, modificado por el RD 721/2011, de 20 de mayo, modificado por el RD 625/2013, de 2 de agosto)

Competencia docente: Deberán estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Deste requisito estarán exentos:

- Quen estea en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado/a en Pedagogía, Psicopedagogía, ou Mestre en calquera das súas especialidades, ou título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía, ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de postgrao nos citados ámbitos.
- Quen posúa unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos quen acredite a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e quen acredite a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de Máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e os ensinos de réxime especial e establécense as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.
- Quen acredite unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

6.3.- PRAZA AUXILIAR ADMINISTRATIVO.

- Ser español ou ter a nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou a de calquera daqueles estados ós que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.
- Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan: Graduado escolar, ESO, FP I ou ciclo formativo da rama administrativa ou equivalente.
- Experiencia profesional relacionada coa ocupación mínima dun ano
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente

SÉTIMA. – Presentación solicitudes

Os aspirantes preseleccionados pola oficina de emprego que queiran formar parte no proceso de selección deberán presentar a solicitude, no modelo Anexo I destas bases adxuntando a documentación para a súa baremación.

A presentación farase nos Rexistros do Concello de Cambre (de maneira presencial ou electrónicamente) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación da solicitude e a documentación será de 3 días a partir da comprobación de disponibilidad das persoas candidatas, (unha vez recibidas as sondaxes da oficina de Emprego tramitadora) por parte do persoal técnico da ADL a través de correo electrónico, SMS ou chamada telefónica, deixando constancia da mesma.

OITAVA. – Documentación que os aspirantes deben acompañar coa solicitude.

8.1) Alumnado traballador:

Deberán presentar a seguinte documentación.

Documentación XERAL a presentar:

- Solicitude - Anexo I.
- Documento de autorización para verificación da documentación e cesión de datos Anexo II.
- Declaración Anexo III.
- Fotocopia e orixinal do DNI ou NIE.
- Fotocopia e orixinal da titulación académica máxima acadada.
- Informe de Vida laboral da Seguridade Social **actualizado**.

Documentación a presentar no caso de que proceda:

- Certificado de discapacidade do solicitante e dictame técnico.
- Informe dos Servizos Sociais Municipais ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social, conforme é perceptor da Risga, ou pertence algún colectivo de exclusión social.
- Certificante de emigrante retornado.

- Certificado do compromiso IPI (itinerario persoalizado de inserción) asinado cun orientador/a do Servizo Público de Emprego.
- Documentación acreditativa de ser vítima de violencia de xénero.
- Título de familia numerosa.
- Título de familia monoparental.

O/a aspirante deberá asinar unha autorización de consulta, Anexo II para que se poida comprobar a veracidade dos seus datos nos organismos correspondentes se é o caso, así como autorización para o tratamento de datos de carácter persoal segundo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

8.2) Persoal directivo, docente e de apoio:

Achegarán a seguinte documentación orixinal ou debidamente compulsada, ordenada da seguinte maneira:

- Solicitud - Anexo I
- Autorización Anexo II
- Fotocopia do DNI/NIE
- Curriculum vitae
- As titulacións académicas que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados que se xustificarán cos correspondentes diplomas ou certificados.
- No caso dos docentes acreditación da competencia docente.
- A experiencia profesional deberá xustificarse con:
 - o **Informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.**
 - o Para traballos por conta allea: contratos ou certificados de empresa, ou nóminas que reflectan o posto de traballo desenvolvido de cada experiencia laboral.
 - o Para traballos por conta propia: alta no IAE e contrato de servizos ou documentación que xustifique o traballo desenvolvido.
 - o Para traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste o traballo desenvolvido: os períodos traballados, categoría profesional e xornada (en castelán ou galego).

Quedarán excluídas do proceso selectivo as persoas candidatas preseleccionadas pola oficina de emprego que non cumpran cos requisitos esixidos de titulación e experiencia profesional, así como no caso dos docentes da competencia docente e os establecidos nos Reais Decretos dos certificados de profesionalidade das especialidades “atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”.

NOVENA. – Procedemento de selección do alumnado traballador.

9.1.) - Fases do proceso selectivo. O proceso selectivo constará de dúas fases; unha fase de entrevista e unha fase de baremo de documentación aportada.

9.1.1.) Fase de entrevista que terá por finalidade avaliar o interese do/a aspirante en participar no proxecto así como as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. A fase de entrevista non será eliminatória e corresponderalle unha puntuación máxima equivalente ao 35% da establecida no punto 2.- Criterios preferentes (18 puntos), o que supón unha puntuación máxima de 6,30 puntos do Baremo de selección.

Items a valorar		Puntos máximos
Interese	Dispoñibilidade	Ata 2,50 puntos
	Motivación	

	Actitude	
Competencias, perfil profesional	Aptitude	Ata 2,00 puntos
	Capacitación profesional	
Aproveitamento e empregabilidade	Utilidade da formación, aproveitamento e empregabilidade	Ata 1,80 puntos
TOTAL		6,30 puntos

9.1.2.) Fase baremo documentación aportada. Unha vez realizada a fase de entrevista procederáse a avaliar as circunstancias persoais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego segundo o baremo establecido nestas bases e a documentación aportada por cada un deles, con base ao establecido nos artigos 2 e 11.2 da Orde de 21/04/2023, o punto 5 das instrucións de data 14/06/2023 da dirección xeral de Formación e Colocación da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Baremo de selección do alumnado para o obradoiro de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo”.

1.- ENTREVISTA ADECUACIÓN AO POSTO DE TRABALLO (Máx 6,30 puntos)	
CONCEPTO	PUNTOS
ENTREVISTA: Avaliarase o interese no proxecto, as aptitudes, capacidades e a adecuación ás características do posto de traballo (base 9.1.1.)	Ata 6,30
TOTAL 1	Max 6,30 Ptos
2.- CRITERIOS PREFERENTES. Só puntúa un de cada concepto (Máx 18 puntos)	
CONCEPTO	PUNTOS
MULLER	
Muller vítima de violencia de xénero	2
Muller en xeral	1
IDADE	
IDADE 18 – 29 anos	2
IDADE 30 – 44 anos	1
IDADE 45 ou máis	2
DISCAPACIDADE (acreditada con certificación emitida pola administración competente)	
Por ter recoñecida unha minusvalía igual o superior ó 33%, sempre que lle permita o desenvolvemento da ocupación	1
PROTECCIÓN POR DESEMPREGO	
Perceptores/as de desemprego	0
Perceptores/as de subsidios e axudas	1
Non perceptores	2
TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO	
Menos de 12 meses	1
Máis de 12 meses	2
COLECTIVOS DESFAVORECIDOS (acreditado mediante informe dos servizos sociais municipais ou administración competente)	
Perceptores de RISGA	1
Emigrantes retornados	
FORMACIÓN ACADÉMICA	
Graduado en ESO, bacharelato, BUP, Competencias clave, acceso a ciclos	2
FPI / Ciclo Medio FP / FPII / Ciclo Superior	1
Títulos universitarios	0
UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (acreditado emitido pola administración competente)	
Familia numerosa	1
Familia Monoparental	
IPI (Itinerario personalizado de inserción)	

Por ter prevista a realización desta formación no seu itinerario de inserción profesional (IPI) dentro da ocupación á que opta no obradoiro.	1
OUTROS	
Por non ter participado en ningún obradoiro de emprego	4
TOTAL 2	Máx 18 Ptos
TOTAL PUNTUACIÓN acadada polos aspirantes	Suma 1) + 2) 24,30 Máx puntos

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas. Serán os establecidos no punto 15 da instrución de data 14/06/2023 da dirección xeral de Formación e colocación:

- O maior tempo acreditado como desempleado.
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade

A relación das puntuacións outorgadas serán expostas en cada fase nos taboleiros así como na páxina web do Concello de Cambre, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O tribunal de selección redactará as correspondentes actas e anuncios, e unha vez rematado o procedemento de selección remitirá á Oficina de Emprego e á xefatura territorial correspondente (Servizo de Formación e Colocación), a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como alumnado-traballador, persoal directivo, docente e administrativo de apoio no modelo Anexo I das instrucións de data 14/06/2023 da dirección xeral de Formación e Colocación.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

As persoas que se seleccionen deberán manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ó proxecto segundo o establecido no artigo 11.4 da Orde do 21 de abril de 2023, da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG Núm.85 do 04/04/2023).

9.2.) - Presentación de documentación para a contratación.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar, no Concello de Cambre **no prazo de dous días** ao seguintes da publicación das listaxes definitivas a seguinte documentación, agás que dita documentación obre en poder do concello.

- Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal
- Fotocopia do título esixido que debe acompañar do seu orixinal,
- Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin de atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución judicial e declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

- Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións, ou no caso de non poder obtela no prazo a solicitude da cita médica.
- Certificado de delitos sexuais.

DÉCIMA. – Procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro de emprego.

10.1.) - Fases do proceso selectivo. O proceso selectivo constará de dúas fases: Unha fase de entrevista e unha fase de baremo de méritos.

10.1.1.) Fase de entrevista que terá por finalidade avaliar o interese do/a aspirante en participar no proxecto así como as súas capacidades para o desempeño do posto de traballo. A fase de entrevista non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación máxima de 3 puntos.

Items a valorar		Puntos máximos
Competencias, perfil profesional Interese e dispoñibilidade	Perfil profesional	
	Capacitación profesional	
	Aptitude	
	Actitude	
	Disponibilidade	
TOTAL		3 puntos

O tribunal citará ás persoas candidatas admitidas a unha entrevista de selección coa finalidade de determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Estas entrevistas realizaranse no lugar, data e hora que fixe tribunal. O tribunal levará a cabo as entrevistas, as valorará e redactará as correspondentes actas e publicará os resultados nos taboleiros de anuncios e na páxina web municipal.

10.1.2.) Fase baremo de méritos. Con posterioridade á fase de entrevista, o tribunal levará a cabo a baremación de méritos aportados para a súa valoración e redactará as correspondentes actas e se publicarán os resultados provisionais, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

O tribunal de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios así como na páxina web do Concello de Cambre, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Unha vez resoltas as reclamacións procederase a publicar nos mesmos medios as listas definitivas.

O tribunal de selección unha vez rematado o procedemento de selección remitirá á Oficina de Emprego e á xefatura territorial correspondente a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como persoal directivo, docente e administrativo de apoio, segundo o modelo Anexo I das instrucións 14/06/2023 da dirección xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, no caso de ser necesario, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas bases.

A xefatura territorial verificará que o persoal docente proposto pola entidade beneficiaria da subvención cumpre cos requisitos necesarios para impartir os certificados de profesionalidade aprobados no proxecto "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo". **No caso de que algunha das persoas propostas pola entidade non fose validada pola xefatura territorial NON poderá ser contratada pola entidade**, neste caso polo Concello de Cambre.(punto 16 da instrución de 14/06/2023).

Barems de méritos das prazas de director/a, docentes, auxiliar administrativo/a

a) Praza Director/a.

a.1.)- Descrición do posto:

Encargarase, das funcións que se relacionan:

- o Coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior; consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, entidade promotora, entidades colaboradoras e empresariado ou organismos que beneficien o desenvolvemento do proxecto.
- o Coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizárase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.
- o Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
- o Xestión administrativa do proxecto, custodia da documentación e presentación da mesma na sede electrónica da Xunta, así como a solicitada pols xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante o Concello de Cambre. Xestión económica supervisada pola ADL.Realización das memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria, a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- o Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e dos certificados de profesionalidade.
- o Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- o Colaborar coas funcións de ensino básico e transversal para facilitar a incorporación do alumnado ao mercado de traballo durante o proxecto. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a conxuntamente co persoal docente.
- o Comunicar a todo o persoal (docente e alumnado) as normas e procedementos a seguir ao longo do proxecto. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado-traballador/a. Resolución de conflitos entre persoal docente e o alumnado-traballador/a.
- o Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo.
- o Prospección de empresas para captación de ofertas de emprego, orientación e intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego.

(Todas estas funcións realizaranse baixo a supervisión, control e coordinación do departamento responsable da tramitación do Obradoiro de Emprego do Concello de Cambre.)

a.2.) - Baremo de méritos

Titulación académica: (puntuación máxima 2 puntos)

- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos

- Máster ou postgraou oficial universitario relacionado: Máis de 500 horas: 1 punto. De 251 a 500 horas: 0,75 puntos. Ata 250 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,50 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.

(A titulación mínima esixida unicamente terase en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante, polo que non será obxecto de valoración. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.)

Experiencia profesional: (puntuación máxima 9 puntos)

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,05 puntos por cada meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

(A experiencia profesional mínima esixida para acceder ao proceso selectivo, 1 ano de experiencia terase en consideración para a admisión da persoa aspirante, non será obxecto de valoración.)

Cursos realizados: (puntuación máxima 2 puntos)

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou universidades. Valoraranse como sigue:

- Por cada hora de formación recibida: 0,001 puntos.
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. No caso dos cursos de grao ou postgraado que non teñan especificado o valor en horas estes valorarase - créditos ECTS 25 horas.
- A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non serán obxecto de puntuación.

Coñecementos do idioma galego: (puntuación máxima 1 punto)

- Celga 2 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

(Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.)

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas na entrevista e a baremación dos méritos alegados. No caso de empate serán de aplicación os criterios establecidos na base novena da presente convocatoria.

b) Docentes certificados de profesionalidade (tres docentes: dous a xornada completa e un ao 50% da xornada).

b.1.) - Descripción do posto e funcións:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse da docencia e titorización das prácticas, nas intidades colaboradoras no proxecto no ámbito da terceira idade e da discapacidade, dos certificados de profesionalidade “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade” así como da impartición da formación correspondente aos seus oficios nas actuacións que se leven a cabo no obradoiro de emprego.

Serán contratados/as a xornada completa (100%):

- 1 docente da especialidade “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” SSCS0208. (Rama Sanitaria)
- 1 docente da especialidade “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade” SSCE0111.

Será contratado/a xornada parcial (50%):

- 1 docente de apoio as especialidades “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”(Rama Psicosocial)

Funcións dos docentes.

Funcions xerais: Impartir o contido formativo en cada caso do certificado de profesionalidade “atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” SSCS0208 ou a titorización do traballo práctico nos centros conveniados e a formación complementaria, se é o caso, establecida no proxecto.

- o Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- o Desenvolver, cumprir e impartir o contido formativo relacionado coa parte sanitaria e psicosocial do certificado, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas.
- o Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames.
- o Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- o Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro as incidencias que se produzan.
- o Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- o Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-obradoiro.
- o Seguimento do alumnado o longo do proxecto. Seguimento e titorización do alumnado nos centros de traballo, elaboración de informes, impresos e contacto co persoal titor.
- o Titorías individuais ou grupais co alumnado.
- o Contribuirán á motivación e orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a e impartición de módulos transversais en caso de que proceda.

b.2.) – Baremo de méritos

Titulación académica: (puntuación máxima 2 puntos)

- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos
- Máster ou postgrao oficial universitario relacionado: Máis de 500 horas: 1 punto. De 251 a 500 horas: 0,75 puntos. Ata 250 horas: 0,50 puntos.

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,50 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.

(A titulación mínima esixida unicamente terase en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante, polo que non será obxecto de valoración. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.)

Experiencia profesional: (puntuación máxima 9 puntos)

(A experiencia profesional mínima esixida para acceder ao proceso selectivo, **1 ano de experiencia** terase en consideración para a admisión da persoa aspirante, **non será obxecto de valoración**)

a) Experiencia docente: (máximo 5 puntos)

- Experiencia docente en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,20 puntos por cada mes traballado
- Experiencia docente en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,1 puntos por cada mes de traballo.

b) Experiencia profesional: (puntuación máxima 4 puntos)

- Para o docente da especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" SSCS0208. (Rama Sanitaria): Experiencia profesional en postos relacionados coa atención física a persoas dependentes en centros sanitarios, residencias, centros de día, institucións sociais ou similares de persoas dependentes 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.
- Para o docente da especialidade "Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade" SSCE0111: Experiencia profesional en postos relacionados coa intervención socioeducativa de persoas con discapacidade 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.
- Para o docente de apoio as especialidades "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e "Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade"(Rama Psicosocial): Experiencia profesional en postos relacionados coa atención psicosocial a persoas dependentes en institucións sociais, residencias, centros de día ou similares 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

Cursos realizados: (puntuación máxima 2 puntos)

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou universidades. Valoraranse como sigue:

- Por cada hora de formación recibida: 0,001 puntos.
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. No caso dos cursos de grao ou postgrado que non teñan especificado o valor en horas estes valorarase - créditos ECTS 25 horas.
- A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non serán obxecto de puntuación.

Coñecementos do idioma galego: (puntuación máxima 1 punto)

- Celga 2 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

(Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.)

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas na entrevista e a baremación dos méritos alegados. No caso de empate serán de aplicación os criterios establecidos na base novena da presente convocatoria.

c) Auxiliar administrativo

c.1.) – Descrición e funcións do posto:

Encargarase das tarefas administrativas do obradoiro de emprego, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias. Será contratado/a a xornada parcial ao 50%.

Funcións a a desempeñar:

- Funcións de apoio ao persoal técnico, dirección e docentes.
- Gravar, manter e archivar e documentación administrativa. Realización de fotocopias
- Preparar documentación administrativa do proxecto; certificacións, diplomas, documentación mensual e todos os documentos requiridos pola dirección. Levar dita documentación ao Concello cando lle sexa requerido e rexistrar a documentación na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.

c.2.) – Baremo de méritos.

Titulación académica: (puntuación máxima 2 puntos)

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: 1,5 puntos.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 1 punto.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,75 puntos.
- Título de bacharelato ou equivalente: 0,50 puntos

(A titulación mínima esixida unicamente terase en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante, polo que non será obxecto de valoración. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.)

Experiencia profesional: (puntuación máxima 9 puntos)

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,05 puntos por cada meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

(A experiencia profesional mínima esixida para acceder ao proceso selectivo, 1 ano de experiencia terase en consideración para a admisión da persoa aspirante, non será obxecto de valoración.)

Cursos realizados: (puntuación máxima 2 puntos)

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou universidades. Valoraranse como sigue:

- Por cada hora de formación recibida: 0,001 puntos.
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. No caso dos cursos de grado ou postgrado que non teñan especificado o valor en horas estes valorarase - créditos ECTS 25 horas.
- A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non serán obxecto de puntuación.

Cofecementos do idioma galego: (puntuación máxima 1 punto)

- Celga 2 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

(Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.)

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas na entrevista e a baremación dos méritos alegados. No caso de empate serán de aplicación os criterios establecidos na base novena da presente convocatoria.

10.2) .- Presentación de documentación para a contratación.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar no Concello de Cambre no prazo de dous días ao seguinte da publicación das listaxes definitivas a seguinte documentación agás a que obre en poder do Concello de Cambre. No caso de que algunha das persoas seleccionadas para a contratación non presenten a documentación en tempo e forma, procederase a chamar a seguinte persoa candidata da lista que terá un prazo de dous días a contar desde que se produza o feito.

- Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.
- Fotocopia do título esixido que debe acompañar do seu orixinal, ou, no seu defecto, o xustificante de ter abonado os dereitos para a súa expedición e no caso dos docentes a documentación xustificativa da competencia docente.
- Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin de atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución judicial e declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións., ou no caso de non poder obtela no prazo a solicitude da cita médica.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de

conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

A concelleira delegada

María Dolores Pan Lesta